



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica

Edif. Adm. San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981 544 513 Fax: 981 544 601



DILIXENCIA DE CONSTANCIA

Esténdoa eu, José Ramón Pardo Cabarcos, subdirector xeral de Réxime Xurídico, para facer constar que a memoria que segue, que leva por título *Memoria xustificativa do Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia no desenvolvemento dun concurso de ideas, con intervención de xurado, a nivel de anteprojectos, para a reforma interior e reorganización da ocupación do complexo administrativo de San Caetano*, é unha imaxe obtida mediante o escaneamento íntegro da memoria orixinal, que foi asinada de forma manuscrita o 3 de abril de 2019.

E para que produza efectos cara a súa inscrición no Rexistro de Convenios do Sector Autonómico de Galicia, asino electronicamente a presente dilixencia.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA E O COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA NO DESENVOLVEMENTO DUN CONCURSO DE IDEAS, CON INTERVENCIÓN DE XURADO, A NIVEL DE ANTEPROXECTOS, PARA A REFORMA INTERIOR E REORGANIZACIÓN DA OCUPACIÓN DO COMPLEXO ADMINISTRATIVO DE SAN CAETANO

Á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, tal e como dispón o Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a súa estrutura orgánica, correspóndelle o exercicio das competencias e funcións en materia de xestión das infraestruturas administrativas, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia e nos termos sinalados pola Constitución Española.

Esta consellería, dentro das actuacións incluídas no Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020 destinadas ao aforro e eficiencia enerxética na Administración Pública Autonómica, promoveu a execución das obras de optimización enerxética do Complexo Administrativo de San Caetano, sede principal da Xunta de Galicia, servizos centrais. O período de execución destas obras foi de 10 meses, finalizando as mesmas o 15 de marzo de 2019.

Unha vez concluídas as obras anteriormente descritas que afectaron ao exterior dos edificios administrativos do complexo administrativo, preténdese agora actuar no interior dos mesmos mediante a reforma dos seus espazos e instalacións coa finalidade de optimizar a disposición das unidades administrativas e postos de traballo, de modo que mellore a eficiencia e as condicións de traballo así como a calidade da atención ao cidadán.

No exercicio das súas competencias, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ten previsto formalizar un convenio de colaboración co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia para o desenvolvemento dun concurso de ideas, con intervención de xurado, a nivel de anteproxectos, para a reforma interior e reorganización da ocupación do complexo administrativo de San Caetano



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica



O obxecto deste convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, en particular a través da súa Delegación en Santiago de Compostela, durante o desenvolvemento dun concurso de ideas, con intervención de xurado, para a redacción do anteproxecto, que sirva de base ao correspondente proxecto técnico, básico e de execución, incluído o estudo de seguridade e saúde, o estudo de xestión de residuos, a certificación enerxética e o proxecto de telecomunicacións das obras de reforma interior e reorganización da ocupación do Complexo Administrativo de San Caetano.

Dadas as particulares actuacións técnicas que implican a adaptación dun edificio destas características a un uso máis óptimo e eficaz como dependencia administrativa, considérase que a mellor opción é a convocatoria dun concurso de ideas con intervención de xurado, a nivel de anteproxecto, xa que este tipo de procedemento permite obter un maior número de propostas para unha avaliación máis completa das posibles solucións, estimulando a creatividade e dando a posibilidade ao sector de participar na idea.

Para o desenvolvemento do concurso de ideas contarase coa asistencia do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia a través da súa Delegación en Santiago de Compostela (en adiante COAG), pola súa condición de organismo representativo da profesión de Arquitectura e das súas relacións cos poderes públicos.

Para contribuír ao cumprimento deste obxectivo, a Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza achegará ao Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia a cantidade de DEZ MIL EUROS (10.000 €), destinados ao financiamento dos gastos derivados da execución do convenio.

A actividade financiarase co crédito consignado na aplicación orzamentaria 05.21.121A.632.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, aprobados pola Lei 2/2018, do 26 de decembro.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica

galicia

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2019

A secretaria xeral técnica



Beatriz Cunha Barja



Xacobeo 2021



